




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría do Barqueiro. Concello: Mañón. Parroquia: Santa María de Mogor.  
Extensión: 0,59km2

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade dacabalo entre o interior do estuario e a ría aberta, as súas ribeiras son acantiladas pero conteñen ao pé acumulacións intermareais procedentes do ambiente de estuario que xera a barra. O encaixamento fluvial antigo denótase nas ladeiras de forte pendente nas que se sitúa a vila do Barqueiro. O entrante deste pequeno porto alíñase co de Area Longa ao depender ambos da mesma fractura dirección ONO-ESE.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade paisaxística está dominada por filitas da Unidade Olla de Sapo, pertencentes ao Ordovícico inferior, ocupando toda a súa metade meridional e occidental. O Precámbrico está representado no porto do Barqueiro e inmediacións pola facies gnéisica mixta. A parte noroccidental está ocupada por un importante filón cuarcífero postectónico. O reborde noroccidental está enmarcado nun granito hercínico de dúas micas.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade adscrita ao ambiente climático Cálido e Seco. A temperatura media anual non baixa de 14°C e a variación térmica anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. A precipitación acumulada ao longo do ano non excede os 1000mm con valores mínimos que roldan os 800mm.

#### OS SOLOS

Pequena conca costeira formada por chans de tipo cambisol na súa variante dístrica e eútrica.

#### AS AUGAS

O porto do Barqueiro sitúase ao pé dunha pequena conca costeira sen rede fluvial significativa. As augas continentais verten na masa de Augas Costeiras da Ría do Barqueiro (20162).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Non existe figura de protección. Os hábitats costeiros destacados son os relacionados co intermareal, onde se desenvolven superficies dos hábitats relacionados cos bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais (1110 e 1140). Nas vertentes da unidade destacan algunhas masas de frondosas por recolonización, en especial a existente entre O Muíño do Vento e A Estación e, en menor medida, a existente entre o porto do Barqueiro e a saída superior do pobo.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Pódense distinguir dous sectores, o máis setentrional ocupado integramente por masas forestais procedentes de tarefas de repoboación que se asentan sobre as ladeiras meridionais do Monte O Santo; e outro, que abarca a metade sur da unidade que coincide plenamente coa conca costeira descrita, onde se desenvolven escasos espazos de cultivo en pendente e os núcleos de O Barqueiro e o Porto de Barqueiro, a cuxos pés se localiza o pequeno porto pesqueiro a partir do cal se fundou o núcleo citado.

#### MORFOLOXÍA

O núcleo primixenio do Porto de Barqueiro, núcleo de identidade litoral, mantén os seus trazos identificativos cun empraçamento costeiro empolicado en ladeira que desemboca no pequeno porto pesqueiro onde debía chegar a barca que permitía o paso dun lado a outro da ría até 1901, cando se inaugurou a ponte metálica que permitiu o acceso rodado dunha provincia a outra. A perennidade destes trazos e a súa directa vinculación coa costa, valeulle a esta poboación a consideración de Núcleo de Identidade do Litoral. A partir deste asentamento primixenio desenvolveuse un crecemento edificatorio moderno no alto da ladeira, onde se localiza a capital municipal, O Barqueiro, aproveitando o escaso relevo chaira da unidade e apoiándose nas vías de comunicación existentes. Deste xeito, obsérvase unha evidente estrutura radial das edificacións que se estenden mesmo ao longo da estrada que descende cara a o Porto de Barqueiro.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Sinlar, en primeiro lugar pola súa importancia, como semente do poboamento da unidade, a existencia do pequeno porto pesqueiro que, a partir dun primitivo dique, que xa existía no século pasado, levantouse a finais do século XIX un novo peirao coa colaboración veciñal. En 1989 concluíuse a actual dársena portuaria. En canto ás infraestruturas de comunicación terrestres destacan, a estrada N-642, procedente de Lugo que permite a aproximación a O Porto de Barqueiro para despois atravesar a capital municipal O Barqueiro e continuar o seu trazado cara ao suroeste; e a estrada AC-100 que parte desde O Barqueiro cara ao norte, en busca da Punta de Estaca de Bares; doutra banda, o ferrocarril de FEVE, de trazado practicamente paralelo á estrada nacional, conta cun apeadeiro nas proximidades do Porto de Barqueiro. Por último, sinalar a existencia dunha densa rede de camiños ao redor do Barqueiro sobre a cal se apoia o crecemento urbanístico recente.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O arraigamento tradicional do asentamento do Porto de Barqueiro queda de manifesto polo elevado número de elementos patrimoniais catalogados como ben de interese cultural en relación coas escasas dimensións do núcleo. Deste xeito, son varias as casas e edificios que conforman a trama desta poboación obxecto de catalogación, ademais doutros elementos civís e relixiosos como o Peirao (rampla de botadura) Lobo Montero do pequeno porto pesqueiro, a fonte vella, a capela de San Agustín. En definitiva, o conxunto da poboación orixinal presenta un destacado interese desde o punto de vista patrimonial e etnográfico.

#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase dunha unidade de pequenas dimensións cunhas complicadas características topográficas que, con todo alberga a unha poboación, O Porto de Barqueiro cunha indiscutible personalidade, tradición e relación co litoral. O topónimo desta poboación ten a súa orixe no barqueiro que trasladaba a persoas e mercancías dun a outro lado da ría até o ano 1901, en que se terminou a ponte metálica que é posible observar hoxe en día desde un novo viaduto sobre o que discorre a estrada nacional. Conta, ademais, cun pequeno porto pesqueiro de longa tradición que dota á poboación dun maior carácter marifeiro se cabe. No alto encóntrase a capital do municipio de Mañón, O Barqueiro. Pódese afirmar que é a primeira poboación do litoral oriental coruñés unha vez superado o límite administrativo e natural da Ría de Barqueiro, que aínda hoxe, segue sendo o elemento distintivo e a partir do cal se estrutura boa parte deste territorio.

#### DINÁMICA DA PAISAXE

#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

O principal valor que acolle a unidade é sen dúbida o conxunto arquitectónico de O Porto de Barqueiro, co seu pintoresco casarío empolicado sobre a pendente, á vez que abrazando o seu pequeno porto pesqueiro, que o converten nunha das miás típicas estampas do litoral setentrional galego, e de aí a súa clasificación como Núcleo de Identidade do Litoral. Doutra banda, esta unidade ten un dobre valor simbólico, constitúese como a primeira do litoral occidental coruñés, á vez que supón o arranque do relevo da Punta Estaca de Bares, fito paisaxístico que forma parte do imaxinario colectivo do sector das Rías Altas, e que se atopa inmediatamente ao norte desta peza. Desde esta unidade, é posible observar o fondo da Ría de Barqueiro, onde aínda se mantén o tradicional aproveitamento marisqueiro, a fachada oposta, pertencente ao municipio lucense do Vicedo, e a desembocadura do río Sor e o seu amplo estuario. É interesante destacar a vista ofrecida desde a estación de FEVE tanto cara ao núcleo de O Porto de Barqueiro como cara á propia ría.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de identidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



